



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

12. RENOVACIÓN BOLSAS DE EMPREGO PARA POSTOS DE OFICIAL E PEÓN. Por proposta da Alcaldía considérase a necesidade de renovar as listaxes para a contratación áxil de operarios municipais, considerándose positivo o funcionamento desenvolvido coas mesmas.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 3 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Apróbanse as bases para a elaboración de listaxes de aspirantes para posibles contratacóns de operarios municipais, tal e como se transcriben intergamente no anexo.
2. Proceder á convocatoria para a formación das listaxes, mediante anuncio publicado no BOP; facultar á Alcaldía en todo o necesario para a eficaz formación das listaxes de reserva.

ANEXO

BASES PARA A ELABORACIÓN DE LISTAXES DE ASPIRANTES PARA POSIBLES CONTRATACÓNIS DE OPERARIOS MUNICIPAIS 2019.

1^a. Obxecto da convocatoria

Estas bases teñen por obxecto regular o sistema de selección para a confección de listaxes de aspirantes de operarios para a formalización de contratos de duración determinada de persoal laboral temporal; adóptase un procedemento áxil con respecto dos principios de transparencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade; convócase unha listaxe independente para as categorías profesionais de oficial de 1^a e peón, para atender as necesidades que teña o concello, destas clases de persoal, para a realización de distintas obras ou prestación de servizos municipais, programas ou plans de emprego e outros, ben financiados por outras administracións ou ben con financiación propia.

As obras ou servizos terán autonomía e substantividá propia dentro da actividade normal da empresa, agás nos casos de substitución de persoal.

2^a. Publicidade da convocatoria

A convocatoria anunciarase mediante publicación dun anuncio-resumo no BOP da Coruña, no taboleiro de anuncios municipal, e na páxina web do concello: www.irixoa.es.

3^a. Características das listaxes de reservas

Co resultado dos procesos selectivos confeccionaranse as listaxes de aspirantes, por orde de puntuación, procedéndose, no seu momento, á súa contratación de forma correlativa e decrecente, en función das necesidades que xurdan.

Non obstante, o concello poderá establecer un procedemento de selección concreto e diferenciado, cando se requira un perfil profesional máis específico.

As listaxes terán unha vixencia de 2 anos, a contar dende a data de aprobación pola Alcaldía; non obstante, poderá prorrogarse por un máximo de 6 meses se ao término da vixencia inicial non se aprobaran as listas substitutivas.

4^a. Funcións dos postos.

O cometido funcional dos postos versará sobre a realización das funcións e tarefas que lle son propias, dirixidas ao mantemento de edificios, inmobles, instalacións, vías, dotacións, servizos e equipamentos de titularidade municipal.

Ademais das específicas que se poidan esixir nos programas para os que, no seu caso, se realicen estas contratacións, de maneira xeral, corresponderalle aos postos a realización das seguintes:

- Labores de albanelería, pintura e carpintería.
- Obras de limpeza, mantemento e conservación de camiños e vías públicas, afirmado, cunetas, taxeas e sinalización.
- Manexo de vehículos municipais para os que se encontre capacitado cando se lle requira.
- Traballo de poda, xardinería ou desbroce.
- En xeral, prestación de servizos municipais.

5^a. Requisitos dos/as aspirantes

Para participar no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Teren nacionalidade española ou seren nacionais dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacionais daqueles Estados aos que se refire e nas condicións que establece o artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Teren cumplidos dezaseis anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non se esixe titulación académica específica por tratarse dun posto do grupo E (outras agrup. Profesinais); esíxese experiencia profesional previa nas categorías ás que se opta.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- e) Non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.

Cada interesado só poderá optar a integrarse nunha lista; no caso de que presente as 2 instancias correctamente, faranse as oportunas valoracións, pero tan só se integrará, no seu caso, na lixtaxe á que acceda cun mellor posto na orde de puntuación.

6^a. Dereitos de exame.

Para participar no proceso selectivo deberán aboarse, en concepto de taxas de exame, 5 euros.

7ª. Presentación de solicitudes e admisión de candidatos

As instancias solicitando tomar parte nos procesos selectivos, co modelo oficial ou normalizado que se publicará na páxina web do concello, dirixiranse á Alcaldía e presentaranse no rexistro xeral do concello dentro do prazo de 10 días hábiles, contados dende o seguinte hábil ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Poderán, así mesmo, remitirse as instancias na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015. Se consonte este precepto se presentara a instancia vía correo, deberá aparecer o selo da correspondente oficina de correos na devandita solicitude. Noutro caso, só a data de inscrpción da instancia no rexistro xeral do Concello será a que se teña en conta para todos os efectos.

Para ser admitido para tomar parte nos procesos de selección, bastará con que os/as aspirantes manifesten nas súas instancias que reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 6ª desta convocatoria, referidos ao día no que remate o prazo de presentación de solicitudes, debendo presentar xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou tarxeta de residente.
- Xustificante de abono da taxa de dereitos de exame.
- Relación dos méritos que aleguen os/as aspirantes, pola orde que se establece nesta convocatoria. Canda a dita relación, uniranse os documentos xustificativos destes (orixinais ou fotocopias compulsadas). Non se tomarán en consideración nin se avaliarán aqueles méritos que non queden debidamente acreditados na forma que se establece nesta convocatoria.

A documentación que se presente deberá estar numerada correlativamente.

No prazo de 3 días hábiles, contado dende o seguinte a aquel no que finalice o prazo de presentación de solicitudes, acordarase por resolución da Alcaldía a admisión e exclusión de candidatos/as e publicarase inmediatamente a lista de admitidos/as e excluidos/as no taboleiro de anuncios municipal. Durante o prazo dos tres días hábiles seguintes poderanse presentar reclamacións, que serán resoltas por resolución da Alcaldía no día hábil seguinte ao remate do dito prazo. O resultado, no caso de que houbese reclamacións, publicarase inmediatamente no taboleiro de anuncios do concello.

8ª. Órgano de selección

O órgano de selección terá a seguinte composición (todos con voz e voto):

Presidente: Alejandro Alonso Figueroa, secretario do concello.

Vogal: Ramiro Cal López, persoal laboral fixo do concello.

Secretario: José Fernando Espada Orgeira, funcionario do concello.

No caso de ausencias, abstencións, recusacións, etc. os titulares serán substituídos polos seguintes suplentes: 1ª-Mª Isabel Bouzón López (persoa laboral fixo), 2ª-Úrsula de la Barrera Fernández (orientadora laboral) e 3º-Juan Carlos Golpe Acuña (persoa laboral fixo).

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos tribunais, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015.

O órgano de selección non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia mínima de 2 membros, titulares ou suplentes, indistintamente (mínimo presidente e secretario). Poderá dispor a incorporación de asesores especialistas se así o estiman necesario ou adecuado, que actuarán con voz pero sen voto. Así mesmo resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación das presentes bases.

9ª. Procedemento de selección

O procedemento de selección será o concurso de méritos.

10ª. Criterios de selección

Os aspirantes alegarán os seus méritos e acompañarán coa solicitude os documentos que os acrediten, que se valorarán de acordo ao seguinte baremo:

A- Pola experiencia profesional no posto de PEÓN, OPERARIO, OFICIAL OU SIMILAR, nos ámbitos descritos na base cuarta, a xuizo do órgano de selección, con contrato laboral ou como funcionario/a en cada categoría, poderá concederse até un máximo de 20 puntos, a razón de 0,20 puntos por cada mes completo, computado a xornada completa; tan só se terá en conta a experiencia posterior ao 1-1-2000. Tan só se terá en conta a experiencia acredita no grupo ou categoría para a que opta, descartándose as demais, aínda que sexan de maior categoría.

A experiencia profesional xustificarse mediante un informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, no que se especifican os días cotizados en cada contrato, para valorar e puntuar a experiencia laboral. Dito informe irá acompañado dos contratos de traballo correspondentes, e dun documento aclaratorio no caso de que non especifiquen o seu obxecto con claridade e precisión, e as súas prorrrogas, no seu caso, ou un certificado da empresa ou un expedido pola administración correspondente.

B- Polo coñecemento do municipio poderán concederse até 15 puntos. Entenderase que a persoa solicitante coñece o termo municipal de xeito suficiente no suposto de que se encontre empadroado no concello de Irixoa cunha antigüidade mínima de 3 anos, neste caso outorgárselle 10 puntos. Así mesmo, entenderase que este coñecemento aumenta en función da antigüidade do empadroamento continuo no concello e outorgárselle unha maior puntuación por cada ano máis de empadroamento que se acredite de acordo coa seguinte táboa:

Antigüidade do empadroamento	Puntos
4 anos	11
5 anos	12
6 anos	13
7 anos	14
8 anos	15

As/os aspirantes que non poidan acreditar o seu coñecemento do termo municipal na forma indicada poderán realizar unha proba escrita para acreditalo, se así o solicitaren expresamente, que se valorará de 0 a 15 puntos.

C- Por cursos de formación relacionados coas funcións descritas na base cuarta, a xuicio do órgano de selección e impartidos pola administración pública, universidades, centros públicos

ou concertados e organismos oficiais dende o 01-01-2005, poderanxe conceder un máximo de 10 puntos:

- De máis de 50 horas de duración: 2,5 puntos por curso.
- De máis de 25 horas e ata 50: 1,2 punto por curso.
- De máis de 10 horas e ata 25: 0,50 puntos por curso.

D- Por estar en posesión de permisos de conducir valorarase ata 6 puntos:

- permisos do grupo B: 2 puntos.
- permisos do grupo C: 4 puntos.
- permisos do grupo D: 6 puntos

E- Polo coñecemento acreditado do idioma galego, computándose o de maior nivel acredita-do e concedéndose validez soamente aos cursos ou titulacións homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación Universitaria, poderanxe conceder un máximo de 4 puntos, valorando:

- Celga 2 ou superior: 2 puntos.
- Celga 4 ou superior: 4 puntos.

Se os documentos acreditativos de calquera dos méritos alegados ofrecesen dúbidas, non se terán en conta os méritos que se pretendan acreditar.

Non se terán en conta os méritos que non se alegasen ou que non estean documentalmente acreditados. O órgano de selección poderá acordar a práctica das probas ou entrevistas, para aclaración de conceptos, comprobación documental, etc., que estime convenientes. Neste ca-so, a orde de actuación será a alfabética.

11^a. Selección

O órgano de selección emitirá as actas coa proposición á Alcaldía da aprobación da listaxe dos candidatos seguindo a orde de puntuación obtida. A puntuación final do proceso virá de-terminada pola suma das puntuacións obtidas por cada un dos méritos alegados, ou no seu ca-so probas, e valorados, sendo a puntuación máxima total de 55 puntos. En caso de empates, estos resloveranse a favor dos aspirantes que maior puntuación obtivesen no apartado relativo á experiencia profesional e, de persistir, o órgano de selección efectuará un sorteo no momen-to. A orde definitiva dos aspirantes seleccionados virá determinada pola puntuación obtida ao final do concurso, sendo necesario obter un mínimo de 20 puntos para integrarse nas listaxes.

As listaxes de aspirantes serán aprobadas por resolución da Alcaldía e publicarase no tabolei-ro de anuncios do concello para os efectos de notificación a todas as persoas participantes e aos demais interesados. Contra a resolución aprobatoria das listaxes, que agotará a vía admi-nistrativa, poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo, así como potestativa-mente o recurso de reposición, segundo o que dispón a normativa vixente.

12^a. Chamamentos

As incorporacións dende as listas de reserva para prestar servizos realizaranse por orde de-crecente, segundo a puntuación alcanzada no proceso selectivo polos aspirantes.

Os chamamentos realizaranse polo concello a través do teléfono, fax ou correo electrónico declarados polos integrantes. Terá que constar no expediente, mediante anotación e coa confirmación do fax remitido ou correo electrónico. O candidato presentarase no prazo de dous días naturais, salvo que o chamamento estableza outro diferente. No suposto de rexeitar a proposta telefonicamente ou de non comparecer no prazo sinalado, farase constar no expediente mediante dilixencia ao efecto.

No caso de que os integrantes que foran obxecto de chamamento estivesen prestando servizos para o concello, de oficio apreciarase a improcedencia do seu chamamento, e se lle respectará a orde que lle corresponda unha vez finalizada a contratación ou nomeamento que imposibilitou o novo chamamento.

Os datos que figuren na solicitude consideraranse válidos aos efectos de chamamento e notificación, sendo responsabilidade do interesado o erro na súa consignación, debendo comunicar ao concello calquera variación dos mesmos.

A orde de prelación das/os candidatas/os incluídas/os nas listaxes modificarase cos consecuentes chamamentos, de acordo coas seguintes regras:

- Os/as que sendo chamados/as para fazer efectiva a contratación ou nomeamento, renunciasen ao posto, manifestando o seu interese de continuidade na listaxe, perderán a orde correspondente, pasando a ocupar o último lugar das listas por un período dun ano. Se transcorrido ese período, os/as que sendo chamados/as para fazer efectiva a contratación ou nomeamento, non se presentasen no prazo de 48 horas ou renunciasen ao posto, novamente, serán excluídos definitivamente das listas. Exceptuaranse os casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados libremente pola Alcaldía.
- Se o aspirante ao que corresponda non puidera ser contratado por alguma causa xustificada, motivadamente apreciada pola Alcaldía, conservará a súa orde na listaxe. No caso contrario, será excluído dela.
- Se calquera dos integrantes da listaxe renunciase a formar parte dela, ou unha vez contratado renunciase, fose separado do servizo por razón disciplinaria ou por despedimento declarado procedente, será excluído da listaxe.
- Os aspirantes contratados, logo de finalizar o período de contratación, pasarán ao final da listaxe.

13^a. Incorporación

O aspirante que figure nas listaxes de reserva, unha vez requerido polo concello, e no prazo máximo de tres días, presentará a documentación que acreditaivos de que posúe as condicións e reúne os requisitos esixidos na convocatoria, salvo aqueles que presentara previamente xunto coa solicitude.

O aspirante que, dentro do prazo indicado, achegase a documentación esixida, será nomeado, por resolución da Alcaldía, persoal laboral temporal do concello para o cargo para o que foi seleccionado e, previa sinatura do correspondente contrato (baixo a modalidade de duración determinada que se requira ao efecto, tendo en conta a causa e os prazos previstos na lexislación laboral) e alta na Seguridade Social, haberá de incorporarse ao seu posto.

Quen dentro do prazo de tres días indicado, salvo causa de fuerza maior, non presentara a documentación, non poderá ser contratado, quedando anuladas todas as actuacións, sen menoscabo da responsabilidade na que puidese incorrer por falsidade na súa instancia, pasando a ocupar o seu posto o seguinte candidato por orde da puntuación obtida.

14^a. Protección de datos persoais

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos recollidos neste proceso selectivo formarán parte dun ficheiro automatizado, propiedade do Concello de Irixoa, cuxa finalidade é a súa xestión para o correcto funcionamento da contratación laboral deste. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, segundo o disposto na Lei, se se poñen en contacto co noso Dpto. de Dereitos ARCO no seguinte enderezo: Pazo de Irixoa nº 6-A, 15313 IRIXOA, A Coruña.

15^a. Réxime xurídico

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Ley 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo común das Administracións Públicas; Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do sector público.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

16^a. Impugnación

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma dispostos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.

Contra este acto que pon fin a vía administrativa, poderase interpor:

- potestativamente o recurso de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP.
- o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte de devandita publicación.
- sen prexuízo de interpor os recursos que se estimen máis axeitados polos interesados.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN NAS BOLSAS DE OPERARIOS 2019: PEÓN

D/D^a _____, con DNI n.^o _____,
domicilio para notificacións en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____,
idade ____ anos, enterado/a da convocatoria para a confección dunhas bolsas de traballo para
contratación temporal de operarios municipais (BOP 4-2-2018)

SOLICITO:

1. Que se me admita ao proceso selectivo da bolsa municipal de peón, polo que declaro que reúno todos os requisitos establecidos na base 5^a.

2. Que na valoración da miña solicitude se teñan en conta os seguintes méritos:

- experiencia de traballo profesional (contratos, certificados empresa e informes vida laboral).
- cursos formativos (diplomas ou certificados con horario e temario impartido).
- permiso de conducir.
- coñecemento do termo municipal de Irixoa: residencia no lugar de _____ n^o ___, parroquia _____.
- nivel de coñecemento do galego (acreditación CELGA).

Aporto xustificante do pago dos dereitos de exame: 5 €.

Acóllome á opción de realizar un exame de coñecemento do municipio.

Situación laboral actual: non teño traballo

teño traballo pero interésame a mellora do emprego

Declaro que son certos os datos declarados e que poden xustificarse documentalmente. Acepto as condicións de acceso, de xestión e funcionamento da bolsa.

OBSERVACIÓNS:

Irixoa, ____ de febreiro de 2019

O/A solicitante

CONTA MUNICIPAL PARA O PAGO DOS DEREITOS:
ES02 2080 0092 1631 1000 0018

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

INSTANCIA DE PARTICIPACIÓN NAS BOLSAS DE OPERARIOS 2019: OFICIAL DE 1^a

D/D^a _____, con DNI n.^o _____,
domicilio para notificacións en _____,
teléfono _____ e correo electrónico _____,
idade ____ anos, enterado/a da convocatoria para a confección dunhas bolsas de traballo para
contratación temporal de operarios municipais (BOP 4-2-2019)

SOLICITO:

1. Que se me admite ao proceso selectivo da bolsa municipal de oficial de 1^a, polo que declaro que reúno todos os requisitos establecidos na base 5^a.

2. Que na valoración da miña solicitude se teñan en conta os seguintes méritos:

- experiencia de traballo profesional (contratos, certificados empresa e informes vida laboral).
- cursos formativos (diplomas ou certificados con horario e temario impartido).
- permiso de conducir.
- coñecemento do termo municipal de Irixoa: residencia no lugar de _____ n^o ___, parroquia _____.
- nivel de coñecemento do galego (acreditación CELGA).

Aporto xustificante do pago dos dereitos de exame: 5 €.

Acóllome á opción de realizar un exame de coñecemento do municipio.

Situación laboral actual: non teño traballo

teño traballo pero interésame a mellora do emprego

Declaro que son certos os datos declarados e que poden xustificarse documentalmente. Acepto as condicións de acceso, de xestión e funcionamento da bolsa.

OBSERVACIÓN:

Irixoa, ____ de febreiro de 2019
O/A solicitante

Sr. alcalde
CONCELLO DE IRIXOA

CONTA MUNICIPAL PARA O PAGO DOS DEREITOS:
ES02 2080 0092 1631 1000 0018